

Unidade 12. Presenta un espectáculo

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

Coñecemento da lingua

1 Completa as seguintes oracións con preposicións.

- Chegou esta carta **para** vostede.
- A túa axenda quedou **na** (en +a) a mesa.
- O xoves Xurxo ten que declarar **ante** o xuíz
- **Desde** que non te vexo estás moito máis guapa.
- Dubido **entre** a opción A ou a B.
- Colle todos os libros **desde** o **de** cor amarela

2. Completa as seguintes oracións con conxuncións.

- É un neno moi traballador **e** intelixente.
- **Ou** ves agora mesmo ou marchou.
- **Nin** fixo unha cousa **nin** a outra.
- Non viñeches para axudar **senón** para molestar.
- Roi non estuda moito; **aínda así** saca boas notas.
- Non te chamei **porque** estabas moi ocupado.

3 Escribe ti oracións con preposicións e con conxuncións.

Resposta libre

- _____
- _____
- _____
- _____
- _____

4 Rodea as interxeccións.

- Ai, perdón! Equivoqueime!
- Boh! Non me amoles, iso é mentira.
- Ahá! Pilleite pillabán!
- Xo! Vai Parando!
- Uf! Estou moi canso de correr hoxe.
- Oh! Que mágoa que non veñas.

Unidade 12. Presenta un espectáculo

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

Coñecemento da lingua

1 Le o texto e busca unha oración na que os dous puntos se usen para o que se indica despois.

Francisca só quería cantar. Esa era a súa única paixón. Cantaba pola mañá, ao mediodía, pola tarde... O peor non era que cantase tanto, era que cantaba moi mal. Tan mal que, cando a escoitaban, ás galiñas lles ían as ganas de poñer ovos. E se logo o facían, non os puñan no seu tempo. O seu home, Giuliano, pensaba: «Cago no... algo hai que facer mais que...?».

Tras moito meditalo decidiu buscarlle un mestre de canto. Dito e feito, colleu o seu bastón, puxo o sombreiro e saíu á rúa na busca de quen o axudase (...). Na praza Maior atopou ao seu curmán Pietro. Este, preguntoulle a onde ía.

-Vou buscar un profesor de canto para Francesca. Cando canta as galiñas...



- Deixar unha enumeración interrompida. **Cantaba pola mañá, ao mediodía, pola tarde...**

- Indicar que falta parte do texto. **Dito e feito, colleu o seu bastón, puxo o sombreiro e saíu á rúa na busca de quen o axudase (...).**
- Indicar interrupción dunha frase do diálogo. **Cando canta as galiñas...**
- Cortar unha expresión malsoante. **Cago no...**

2 Marca os dous puntos das seguintes oracións e di para que se empregan.

- Adela abriu a caixa e dixo: «Que sorpresa!» → **empréganse para introducir a reprodución de palabras textuais.**
- Na sala de exposicións hai: amuletos, figuras típicas, vaixelas... → **empréganse porque preceden unha enumeración.**
- Pedro xoga ao baoncesto: O normal nun rapaz tan alto. → **empréganse para dar paso a unha explicación.**

3 Escribe o ditado.

Unidade 12. Presenta un espectáculo

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

LITERATURA

1 Le o texto seguinte..

(Aparece en escena o Xograr Reinaldos dacabalo de Sinforoso).

CABALO SINFOROSO *(con voz de cabalo canso, entre rinchos)*:
Aínda falta moito para chegar, señor?

XOGRAR REINALDOS: Xa non pode faltar moito, Sinforoso.

CABALO SINFOROSO: Mirade que vou canso de andar e de cargar con vós, señor. A ver se mirades de alixeirar a manenza...

XOGRAR REINALDOS: Non te queixes. Eu sempre fun cabaleiro de peso lixeiro e corpo gallardo.

CABALO SINFOROSO *(arfando)*: Tamén eu vos fun poldro feituqueiro na corte da miña nai. E ben vedes no que vin dar...

XOGRAR REINALDOS: Dun tempo para aquí, a miña alma morre de coita, meu benquerido Sinforoso.

CABALO SINFOROSO *(cara ao público)*: Non hai cousa que máis me amola que, despois disto, me chame querido. Enriba de burro apaleado...

Xose A. NEIRA CRUZ

A noite de raíña Berenguela

2. Contesta.

- Cantas escenas hai no texto que liches?

No texto hai unha escena.

- Quen son os protagonistas desta escena?

Os protagonistas son o cabalo Sinforoso e o xograr Reinaldos.

- Escribe as anotacións que aparecen.

(Aparece en escena o Xograr Reinaldos dacabalo de Sinforoso), (con voz de cabalo canso, entre rinchos), (arfando) e (cara ao público).

- Que información nos transmiten?

Transmítennos información sobre a aparición dos personaxes na escena, o xeito que teñen de falar e a quen teñen que dirixirse cando o fagan.